



## AS PERSOAS PRIMEIRO

### COMPROMISOS, COORDINACION, CAUSAS E DIALOGO CIVIL CONTRA A POBREZA E POLA INCLUSIÓN SOCIAL

#### Propostas EAPN Galicia Eleccións Parlamento de Galicia 2016 #Pobreza25S

Nas vindeiras eleccións, cunha pobreza e unha desigualdade cada vez máis intensa e crónica, xa non abonda con boas intencións, as promesas etéreas ou o refuxio nun indecente **reparto de culpas** políticas entre administracións. Tampouco é admisible **abusar da boa fe das persoas** e da súa solidariedade para evitar responsabilidades políticas.

No que debe ser **unha política de estado**, son imprescindibles compromisos firmes e resultados urxentes na mellora da calidade de vida das persoas. Dos case 700.000 galegos e galegas en risco de pobreza ou exclusión social (25,7%) e en especial das 115.000 con carencias materiais severas (4,2%) que peor o están a pasar.

As organizacións membro da Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia) facemos nosas as demandas realizadas polas persoas en risco de pobreza ou exclusión no Día Internacional para a Erradicación da Pobreza e propoñemos a todas as candidaturas as vindeiras eleccións ao Parlamento de Galicia que incorporen no seu programa electoral e xa que logo se comprometan a implantar de chegaren ao goberno da Xunta de Galicia os seguintes principios e medidas.

#### AS PERSOAS PRIMEIRO

**Contra as causas da pobreza.** Asegurando a igualdade de dereitos para todas as persoas e a inclusión social activa.

**Compromiso** en orzamentos e planificación a medio e longo prazo.

**Coordinación** política e técnica entre as administracións e coas organizacións especializadas.

**Dialogo Civil.** Recoñecemento legislativo e marco estable de financiamento do Terceiro Sector de Acción Social como alicerce do sistema público de servizos sociais.



**1. Redución nun 50 % as persoas que se atopan en situación de Privación Material Severa.** Nun 15 % as que se atopan en situación ou risco de pobreza e exclusión.

## **2. Igualdade de dereitos para todas as persoas**

**Dos papeis as persoas. Cara unha Renda de Garantía de Ingresos** como medida de choque contra a pobreza. **Acadar o mesmo porcentaxe de persoas receptoras da RISGA que Asturias (14,5 por cada 1000 habitantes).** Simplificación administrativa.

**Garantir o dereito a unha vivenda digna.** Erradicación do chabolismo e a infravivenda. Programa de aluguer de vivendas públicas, aluguer social e prevención desafiuzamentos. Posta en marcha da *Estrategia Nacional Integral para Personas Sin Hogar 2015-2020*

**Asegurar a universalidade da Sanidade e a Educación Inclusiva** para calquera persoa con presenza en Galicia. Exención do copago farmacéutico e hospitalario.

**Eliminar o “limbo da dependencia”** e garantir a taxa de reposición no Sistema de atención a Dependencia.

**Plan urxente de Accesibilidade universal** en infraestruturas e edificios. Subordinando o investimento en obra pública da Xunta de Galicia a este fin.

**Non admitir diferenzas entre “pobreza de aquí e de alá”.** Cooperación para o desenvolvemento como unha política social pública. 0,2% orzamentos ao final da lexislatura.

**3. Apoio específico á infancia e mocidade.** Como persoas máis afectadas pola pobreza e a exclusión social e como remedio contra transmisión interxeneracional da pobreza e o declive demográfico. Ademais de medidas de apoio ás familias:

**Ampliación inmediata ata os 3 anos de idade do Cheque Benvida** para nenas e nenos en pobreza e complemento dende a Xunta de Galicia da prestación estatal por fillo a cargo (actualmente 24,25€) ata os 100€/mes, mentres non se implante en todo o estado.



Plan específico de apoio a **familias monoparentais e monomarentais**.

**Reforma intensa do Sistema de Garantía Xuvenil**, para asegurar que cumpre o requisito de elaborar un proxecto de inserción a cada persoa menor de 30 anos.

Plan de incentivos para o **retorno de poboación xuvenil emigrada**.

**4. Por un emprego digno. Estratexia de Formación e Inclusión Laboral** das persoas con maiores dificultades de empregabilidade ou precariedade laboral e adaptada as necesidades das empresas.

**Aumento de 10 puntos da taxa de actividade** e redución do 10% na taxa de desemprego.

**Garantir o cumprimento da cota de reserva de postos de traballo** en empresas e administración pública. **Primar o emprego con apoio**

**Ampliar ao 7% a reserva de mercado da Xunta de Galicia para empresas de inserción e centros especiais de emprego** (sen ánimo de lucro)

**5. Erradicar o curtopracismo da acción política.** Xeneralizar a planificación e actuacións a medio e longo prazo e a estabilidade orzamentaria: Implantación Estratexia Inclusion Social 2014-2020. Resolución de todas as convocatorias no primeiro cuatrimestre do ano. Convocatorias, convenios e contratos plurianuais. Implantar a figura de Concerto Social plurianual en todos os servizos sociais.

**6. “Somos persoas, non expedientes”. Unha Inclusión Activa e non asistencialista** que cumpra coa lexislación vixente.

Asegure que cada unha das 115.000 persoas en situación de Privación Material Severa dispón, *no prazo máximo de 10 días hábiles*, dunha **profesional única de referencia**.

Recoñecemento e apoio dos **Servizos sociais comunitarios**.

**7. Asegurar a máxima coordinación e corresponsabilidade política e técnica** na loita contra a pobreza e a exclusión.

**Crear vicepresidencia** que asegure coordinación entre todas aquelas areas con implicación en servizos sociais.

Implantación **Historia Social Única**.



**Desenvolver** Axenda Social de Galicia para coordinación entre Xunta de Galicia, deputacións, concellos (incluída a FEGAMP) e ONG implicadas.

## **8. Fomento do diálogo civil e aprobación da Lei do Terceiro Sector Social**

**de Galicia.** Que promova medidas de fortalecemento de organizacións e redes; impulse a súa cooperación, entre si e co sector público e as empresas, e promova a súa participación e contribución no ámbito da intervención social en xeral.

## **9. Erradicar a procura do lucro na loita contra a pobreza e a exclusión.**

Implantación de cláusulas sociais na contratación pública. Fórmulas estables de financiamento das entidades non lucrativas do Terceiro Sector de Acción Social.

## **10. Fomentar a Transparencia e a Rendición de contas.**

Comisión parlamentaria específica. Publicar mediante criterios “open data”, detalle de execución orzamentaria do exercicio anterior ao máximo nivel de detalle. Difusión inmediata tras resolución de proxectos subvencionados e non subvencionados en cada convocatoria pública

**MAIS INFORMACIÓN** <http://www.pobreza.gal>

**#Pobreza25S**